

**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA

**#EAN7**

**VII ENCONTRO DE ARTISTAS  
NOVOS 'CIDADE DA CULTURA'.  
DO 27 AO 31 DE AGOSTO DE 2017.  
SANTIAGO DE COMPOSTELA.  
BASES E MÁIS INFORMACIÓN  
EN CIDADEDACULTURA.GAL**



# GAIÁS, CIDADE DA CULTURA

A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia co resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta “cidade” que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este espazo, destinado á cultura, ao emprendemento e á tecnoloxía, acolle catro institucións culturais:

**MUSEO CENTRO GAIÁS.** A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas. Neste 2017 celebramos os seus 5 anos de vida como centro cultural e artístico da Cidade da Cultura.

**BIBLIOTECA E ARQUIVO DE GALICIA.** Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

**CENTRO DE EMPRENDEMENTO CREATIVO.** Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, un espazo de *coworking*, un viveiro de empresas e unha área de empresas TIC que engloba o proxecto de *crowdworking* 'Galicia Open Future, Connecting for Good Galicia' da man de Vodafone e o 'Centro de Excelencia en Intelixencia de Negocio' liderado por HP.

**CENTRO DE INNOVACIÓN CULTURAL (CINC).** É sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.

**ESPAZOS NATURAIS.** O Bosque de Galicia, o Xardín Literario e o Parque do Lago son os tres espazos verdes cos que conta o Gaiás. Tres lugares nos que gozar da natureza, descansar, practicar deporte e hábitos de vida saúdable a través da súa rede de sendas e admirar novas caras da cidade de Compostela.

# VII ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS



**27–31 de agosto 2017**  
**Museo Centro Gaiás**

A Cidade da Cultura de Galicia converterase por sétimo ano consecutivo nun espazo de encontro no que creadores emerxentes terán a oportunidade de dar a coñecer os seus traballos e debater ao redor da arte contemporánea durante catro días de convivencia e intercambio de coñecementos e ideas con outros axentes culturais. Será no VII Encontro de Artistas Novos, coordinado por Rafael Doctor, que se celebrará do 27 ao 31 de agosto de 2017.

O EAN busca favorecer a convivencia entre artistas emerxentes galegos e procedentes doutros lugares, ademais de poñer en contacto aos participantes con outros axentes do sector como críticos, comisarios ou art followers. Unha edición máis, o EAN traerá ao Gaiás artistas e creadores xa consolidados como Xosé Artiaga, María Cañas e Berta Álvarez Cáccamo para compartir as súas experiencias e reflexións ao redor da arte.

Cada un dos participantes no VII EAN terá a posibilidade de realizar unha presentación pública centrada no seu traballo e proxecto creativo persoal, servindo de plataforma e escaparate das súas creacións.

O VII Encontro de Artistas Novos conta cun total de corenta prazas ás que poden optar todos aqueles profesionais nados entre 1982 e 1999 –ambos inclusive– estudantes e licenciados en Belas Artes ou afíns e todos aqueles que demostren ter unha traxectoria ou proxecto artístico. Seguindo a senda iniciada no V EAN, dez das 40 prazas dispoñibles estarán abertas a artistas maiores de 35 anos, que deberán reunir os mesmos requisitos que os demais candidatos. Con esta proposta, o EAN busca formular un diálogo con artistas doutras xeracións nun proceso creativo aberto.

A consecución dunha praza no VII EAN inclúe matrícula de inscrición, estanza en réxime de pensión completa, transportes diarios desde Santiago ata a Cidade da Cultura e transportes para a visita ao MAC e CGAG.

# PROGRAMA

## XORNADA BENVIDA

Domingo, 27 de agosto de 2017

16:00-20:30 h. Recepción de alumnos. Colexio Maior Fonseca  
21:00 h. Cea de Benvida.

## XORNADA I

Luns, 28 de agosto de 2017

09:00 h. Almorzo  
10:00-12:00h. Benvida e Percorrido pola Cidade da Cultura  
- María Pereira. Directora de Acción Cultural.  
- Rafael Doctor. Director, VII Encontro de Artistas Novos.  
12:00-13:30 h. Artista invitada. BERTA CÁCCAMO  
13:30-14:30 h. Foro Aberto I  
14:30-16:00 h. Xantar  
16:00-17:30 h. Foro Aberto II  
17:30-18:00 h. Descanso  
18:00-19:30 h. Foro Aberto III  
21:30 h. Cea

## XORNADA II

Martes, 29 de agosto de 2017

09:00 h. Almorzo  
10:00 12:00 h. Foro Aberto IV  
12:00-12:30 h. Descanso  
12:30-14:30 h. Foro Aberto V  
14:30-16:00 h. Xantar  
16:30-18:30 h. Fundación Eugenio Granell e visita ao CGAC  
21:30 h. Cea

## XORNADA III

Mércores, 30 de agosto de 2017

09:00 h. Almorzo  
10:00-12:00 h. Foro Aberto VI  
12:00-12:30 h. Descanso  
12:30-14:30 h. Foro Aberto VII  
14:30-16:00 h. Xantar  
16:00-17:30 h. Artista invitado. XOSÉ ARTIAGA  
17:30 h. Viaxe á Coruña: visita ao MAC.  
21:30 h. Cea

## XORNADA IV

Xoves, 31 de agosto de 2017

10:00 h. Almorzo  
11:00 -12:00 h. Artista invitada. MARÍA CAÑAS  
12:00 - 12:30 h. Presentación Intervención de FREDY SOLANO,  
proxecto gañador do Concurso das Torres Hejduk do VI EAN.  
12:30 -13:00 h. Peche e entrega de diplomas  
13:00h. Inauguración do proxecto *A través de un horizonte sin cuerpo*  
de Fredy Solano.

# BIOGRAFÍAS

## DIRECTOR

### RAFAEL DOCTOR RONCERO

*Director do Centro Andaluz de Fotografía, CAF de Almería.*

Historiador da arte, escritor e xestor cultural. En 1998 creou e dirixiu a revista Apartado 14.479 e comezou a colaborar en diferentes medios de comunicación de arte contemporánea. Desde 1993 ata 2000 estará a cargo da programación da sala de exposicións do Canal de Isabel II de Madrid onde comisaria varias exposicións de fotografía contemporánea e onde porá en marcha as Jornadas de Estudio de la Imagen da Comunidade de Madrid, que dirixirá nas súas primeiras sete edicións.

En 1997 asumirá a creación e dirección do Espacio Uno do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid, onde estará ata 2001 comisariando unha vintena de exposicións. Ese mesmo ano no marco da Bienal de Venecia comisaria a exposición *Ofelia y Ulises*. En torno al arte español contemporáneo e comezará a ser o encargado da programación artística e didáctica da Casa de América de Madrid.

Desde finais de 2002 ata principios de 2009 porá en marcha e dirixirá o MUSAC, Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León.

Comisariou a Noche en Blanco de Madrid en 2009 e en 2010 a Noche de la Luna Llena de Segovia.

Desde outubro de 2009 a outubro de 2010 foi director da Fundación Santander 2016.

Desde 2011 ata a actualidade dirixe anualmente en Santiago de Compostela o *Encuentro de Artistas Novos Cidade da Cultura*.

En todos estes anos impartiu centos de conferencias e cursos en Centros de Cultura e Universidades de España, Europa e América e foi xurado dos premios máis importantes de arte nacionais así como autor de numerosos textos para libros de arte e catálogos.

En 2003 recibiu a Medalla do Mérito Civil de parte do Ministerio de Asuntos Exteriores pola súa labor na expansión da cultura española.

É autor da novela *Masticar los tallos de las flores regaladas* (Almuzara 2006) e *La Tormenta de amor* (2013) e dos libros *Una historia (otra) de la fotografía* (Taller de Arte, 2000) e *Historias de la fotografía* (Taller de Arte, 2002).

En 2013 dirixiu a publicación *Arte Español Contemporáneo. 1992-2013* (La Fábrica), primeiro libro sobre historia da arte española deste período.

Tamén levou a cabo traballos como comisario independente, impartiu cursos e obradoiros en diferentes institucións e é creador, director da editorial Los Doscientos, centrada en libros de artista e libros de historia da fotografía. Ademais, é fundador da plataforma Capital Animal desde a que se tenta aunar a cultura, a arte e o pensamento en torno á loita animalista.

Actualmente é Director do Centro Andaluz de Fotografía, CAF de Almería.

# BIOGRAFÍAS

## ARTISTAS

### XOSÉ ARTIAGA BARREIRO

Mondoñedo 1955—Titulado pola Escola Superior de Belas Artes San Fernando de Madrid e Licenciado en Belas Artes pola Facultad Autónoma de Madrid. Catedrático de Artes Plásticas desde xullo de 1984. Fundador e presidente da Fundación Artiaga.

Pintor galego que na súa obra reflexa unha reivindicación do seu lugar de orixe. As pinturas son de aspecto fresco, pero evocan unha ollada selectiva, unha actitude ante a súa obra que á vez é intensa e reflexiva.

Ten obra no Concello de Mondoñedo, Museo Provincial de Lugo, Colección de Arte da Xunta de Galicia, Cultural Rioja, Logroño, Colección Banco de España, Colección Junta de Extremadura, Colección Comisionado do V Centenario, Galicia. Comunidad de Madrid, Concello de Alcorcón e Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC). Realizou murais para a Xunta de Galicia en edificios públicos de Lugo, Viveiro e Xermade.

Ademais, colabora con artigos e ilustracións en distintos medios: Diario 16, El Progreso, Faro de Vigo, El Correo Gallego, Galicia Terra Única ou Monfadal.

### MARÍA CAÑAS

Sevilla 1972—A Arquiteira de Sevilla, A Virxe Terrorista do Arquivo, María Cañas, iconoclasta audiovisual, salvaxe mediática, practica unha videoguerrilla, que se introduce nos tópicos e xéneros para dinamitalos. Licenciada en Belas Artes, cursou o Doutorado en Estética e Historia da Filosofía na Universidade de Sevilla e un máster en Posproducción dixital C.E.A. Dirixe Animalario TV Producciones, un espazo de creación dedicado á cultura da reciclaxe, ao apropiacionismo e á experimentación artística; unha resistencia á distracción en pos do cultivo do lume interno. É defensora a ultranza da non privatización e a liberalización da nosa memoria histórica e imaxinarios e activista comprometida coa cultura libre e coa idea de cultura como construción colectiva. Cre na función do arquivo como ferramenta de desenvolvemento cultural, e na necesidade de formar a persoas aptas para gobernarse a si mesmas e non para ser gobernadas por outros.

A súa arte foi exhibida en multitude de festivais, feiras, eventos, centros de arte, museos e galerías nacionais e internacionais. Recibiu numerosos premios, entre os que destacan o X Films do Festival Punto de Vista de Pamplona, o Premio Alcances RTVA Canal Sur e mención especial do xurado, o Premio El Público Canal Sur ás Artes Plásticas, o primeiro premio-bolsa Universo\_vídeo en LABoral Centro de Arte y Creación Industrial, Hamaca, Festival de cine de Gixón, o Primeiro premio “Ciudad de Alcalá” do Certame Nacional de curtametraxes ALCINE Festival de Alcalá de Henares, o Premio Julio Diamante Asecan Alcances, de Cádiz, o Premio Márgenes Festival, Madrid, o Prix Ibn Batuta. FIAV, Nimes, Premio Román Gubern de Cine de Ensayo, UAB, CaixaForum, Barcelona. Barcelona VisualSound, Premio RTVA-Zemos98-Caja San Fernando.

# BIOGRAFÍAS

## ARTISTAS

### BERTA ÁLVAREZ CÁCCAMO

Vigo 1963—De vocación temperá, Berta Cáccamo creceu nun universo ligado á creación. Considerada unha das pintoras españolas máis importantes da súa xeración, foi capaz de destilar influencias alonxadas no tempo, sempre disposta ao debate coa súa obra, cos problemas da arte e coas súas imaxes.

Esixente e reflexiva, a súa pintura é produto dunha ollada inqueda, emocional e afectiva. A súa obra é ao tempo un proxecto vital e de ensaio, porque se escribe en presente continuo e se inscriben a memoria da pintura como material fundamental.

Comezou a expoñer en 1986, vinculada á renovación actual do grupo del Atlántico. En 1989 obtivo o premio Ciudad de Palma, na Bienal de Pontevedra e o Primeiro Concurso Unión Fenosa da Coruña. Nese mesmo ano trasladouse a París cunha estancia na Cité International des Arts entre 1990 e 1991. En 1991 foi galardoada no II Concurso de Unión Fenosa.

A finais do 2016 inaugurou a exposición “Expansión Ensaio” no Centro Galego de Arte Contemporánea. Esta exposición foi comisariada por David Barro e facía un percorrido polos últimos 40 anos da artista.

## ART FOLLOWERS

### DAVID BARRO

Ferrol, 1974—David Barro é editor de DARDO, director de DIDAC e comisario de exposicións.

Foi director de DARDOMagazine (2006-2014) e director xerente da Fundación Luis Seoane (2014-2016). Asesor da Fundación Barrié e responsable da súa colección de arte contemporánea (2008-2013). Crítico de arte de El Cultural (1998-2014) e da revista Lápiz (2000-2004). Director da revista portuguesa [W]art (2003-2005) e da revista Arte y parte (1998-1999). Director artístico de A Chocolataría en Santiago de Compostela (2005) e da feira de arte contemporánea de Vigo Espacio Atlántico (2010). En 2015 foi director e presentador do programa de televisión Botella al Mar (V Televisión).

Como docente exerceu como profesor da UCP do Porto (2001-2006) e impartiu clases en Masters da Universidade de Santiago e a Universidade Carlos III de Madrid; actualmente é profesor do Master en Estudos Avanzados da Universidade de Salamanca.

Como comisario de exposicións realizou máis de 50 mostras individuais (Jessica Stockholder, Axel Hütte, Alex Katz, Günther Förg, Julião Sarmiento, Julian Opie, Sandra Cinto, Caio Reisewitz, José Pedro Croft, Luis Seoane, Rubén Ramos Balsa, Berta Cáccamo...) e máis de 50 colectivas en institucións como Matadero Madrid, Fundación Botín, CGAC, MARCO de Vigo, Museo Patio Herreriano, Fundación Barrié, Museo Es Baluard ou Tabacalera Madrid. En 2010 exerceu de director artístico do proxecto *Look Up! Natural Porto Art Show* que ocupou 9 edificios emblemáticos da cidade do Porto e en 2011 do Festival Internacional de Acción Artística Sostenible SOS 4.8 de Murcia.

Entre os seus numerosos libros publicados destacan ensaios como *Antes de Ayer y pasado mañana o lo que puede ser pintura hoy*; *Imagens (Pictures) para uma representação contemporânea*; *Sky Shout. La pintura después de la pintura* o *Voces de Atlántica*, así como monografías sobre artistas como Richard Long, Jannis Kounellis ou Gary Hill.

# BIOGRAFÍAS

## ART FOLLOWERS

### JAVIER DÍAZ-GUARDIOLA

Madrid, 1976— Licenciado en Xornalismo pola Universidade Complutense de Madrid. Iniciouse profesionalmente na Axencia EFE e o diario ABC, así como en diferentes gabinetes de prensa. Colaborador de publicacións culturais como “Turia”. Coautor do libro “Madrid Creativa. Diccionario de 200 artistas imprescindibles que trabajan en la Comunidad de Madrid (CAM, 2007), así como autor de numerosos textos para catálogos. Unha das súas últimas participación editoriais colectivas foi o texto “Odio a los niños”, para o libro “Biografía”, da artista Concha Martínez Barreto (Ed. Micromegas, 2017).

Foi comisario de “Circuitos’08”, o programa de promoción de arte nova da Comunidade de Madrid, “En proceso: disculpen las molestias” (galería Raquel Ponce, 2010), “Matar al mensajero. Jóvenes artistas y medios de comunicación de masas” (Galería Fernando Pradilla, 2013), “Yoknapatawpha”, de Blanca Gracia, en Espacio Sin Título (2014-2015); os estands de ABC en ARCO’16 e ARCO’17 (“Cada-VER Exquisito”); a colectiva “Sólo es sexo” (G. Fernando Pradilla, 2016) e “Los pisolabis del Cuarto” (El Cuarto de Invitados, Madrid, 2016). Da mesma natureza, pero fóra do cubo branco, destacan así mesmo os proxectos comisariados coas redes sociais como base de operacións, onde sobresaen “La familia Real. Al sol del membrillo”, co que se instaba aos artistas que quixeran colaborar a realizar un auténtico retrato

da Familia Real low-cost, en 24 horas e moi por baixo do orzamento do pagado a Antonio López para a súa “Familia de Juan Carlos I”, e as dúas edicións de “Alégrame esas pascuas” (2015 e 2016), nun desexo de resucitar a tradición de felicitar as festas do Nadal a través de felicitacións artísticas.

Formou parte, entre outras cuestións, do xurado do Premio Nacional de Artes Plásticas 2013, concedido a Carmen Calvo; dos equipos de asesores da IV e V edición dos Encontros de Artistas Novos de Santiago de Compostela (dirixidos por Rafael Doctor), da I edición de Mustang-Confluencias (2014), de residencias A Quemarropa (2016); da I edición Confluencias-Santander (2016), galardonado co V Premio Pecca; e dos visionados de portafolios de PHotoEspaña 2016.

Na actualidade coordina as seccións de arte, arquitectura e deseño de ABC Cultural e é redactor-xefe de ABC de ARCO, a revista oficial da feira de arte contemporáneo de Madrid. É autor do blog de arte contemporánea “Siete de un golpe”.



---

# BIOGRAFÍAS

---

## ART FOLLOWERS

### SEMIRAMIS GONZÁLEZ

Xixón, 1988— Semiramis González está Licenciada en Historia da Arte e cursou o Máster en Historia da Arte Contemporánea e Cultura Visual no Museo Reina Sofía pola Universidade Complutense.

Comisariou proxectos como a colectiva de artistas emerxentes “La New Fair” en La New Gallery (Madrid), “Lo que no queremos ver” de Ruth Montiel Arias en Galería Cero (Madrid), “Cabestro” de Carol Caicedo en El Cuarto de Invitados, ou “En lo salvaje” no Centro de Arte de Alcobendas, entre outras.

Ten tamén un blog de arte contemporánea co que participou no proxecto ARCO Bloggers, e en LABlog, blog de LABoral Centro de Arte, do que foi coordinadora.

Coordinou o blog do Proxecto Museu de Museu Es Baluard e foi visionadora na Semana de Descubrimientos PHotoEspaña e en SCAN Tarragona (Festival Internacional de Fotografía).

Participou en mesas redondas en ForoSur Cáceres, no Centro Atlántico de Arte Moderno (CAAM), en Casa de América, Casa Encendida ou en Arte Santander, entre outros.

# BASES DA CONVOCATORIA

## OBXECTO

O Departamento de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura de Galicia convoca 40 prazas gratuítas para a participación no VII ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS CIDADE DA CULTURA que terá lugar na Cidade da Cultura de Galicia de Santiago de Compostela do 27 ao 31 de agosto de 2017.

## CARACTERÍSTICAS

As 40 prazas terán 2 ámbitos de participación:

1. Rexional, mediante o que se concederán un 50% das bolsas aos solicitantes nados ou residentes na comunidade autónoma de Galicia.
2. Nacional/Internacional, no que o 50% das bolsas serán concedidas aos solicitantes de procedencia tanto nacional como internacional.

Dentro do programa do VII ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS CIDADE DA CULTURA, celebrarase o «Foro Aberto», no que todos os participantes estarán obrigados a amosar os seus traballos mediante unha curta presentación a modo de conferencia de 10 minutos para a que o participante aportará o seu propio material audiovisual debidamente preparado e presentado con antelación. As presentacións realizaranse en español, galego ou inglés, e en ningún caso a institución facilitará tradución simultánea.

## DOTACIÓN

Os 40 participantes no VII ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS CIDADE DA CULTURA, obterán unha dotación que inclúe:

1. Matrícula de inscrición.
2. Estanza en réxime de pensión completa desde o Domingo 27 de agosto ata o xoves 31 de agosto de 2017 —ambas as dúas xornadas inclusive—.
3. Transportes diarios ata a Cidade da Cultura de Galicia e ás institucións culturais a visitar.

Durante o tempo de goce desta dotación, cada un dos seleccionados estará cuberto por un seguro de enfermidade e accidentes.

Os desprazamentos a Santiago de Compostela desde o lugar de residencia e posterior regreso serán sufragados polos beneficiarios.

## CONDICIÓNS

Poderanse presentar todos aqueles profesionais nados entre 1982 e 1999, ambos os dous anos inclusive.

Reservaranse ata un máximo de 10 das 40 prazas a artistas maiores de 35 anos tanto de galegos, nacionais ou internacionais.

A convocatoria é aberta e poderán incurrir a ela tanto estudantes e licenciados en Belas Artes —e afíns—, como todos aqueles que mediante a documentación presentada demostren ter unha traxectoria ou proxecto artístico.

Se a solicitude provén dun colectivo, aqueles dos seus membros que quixeran ser beneficiarios dunha das prazas deberán realizar solicitudes independentes.

## DOCUMENTACIÓN

Para a obtención dunha das 40 prazas será condición non ter gozado dela en edicións anteriores do ENCONTRO.

O solicitante deberá presentar a documentación a continuación detallada ao mail [encontro@ciudadadacultura.org](mailto:encontro@ciudadadacultura.org):

1. Boletín de suscrición. O boletín poderá ser descargado en formato pdf no web [www.ciudadadacultura.gal](http://www.ciudadadacultura.gal).
2. Fotocopia do DNI ou Pasaporte.
3. Curriculum Vitae abreviado —máximo 1 folla—.
4. Dossier de presentación do traballo artístico en formato dixital —máximo 15 follas—

A documentación entregada non será devolta aos participantes.

## PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de admisión de solicitudes e documentación finaliza ás 15:00 horas do venres 7 de xullo de 2017.

Non se aceptará documentación recibida con posterioridade a esta data.

## DECISIÓN E PUBLICACIÓN

O listado de admitidos será publicado no web [www.cidadedacultura.gal](http://www.cidadedacultura.gal) o venres 21 de xullo de 2017.

## FORMALIZACIÓN DE INSCRICIÓN

Os seleccionados deben suscribir a súa aceptación vía correo electrónico indicando nome e apelidos e número de DNI ou pasaporte (segundo o aportado na solicitude) na dirección [encuentro@ciudadedacultura.org](mailto:encuentro@ciudadedacultura.org) antes do 27 de xullo de 2017.

A ausencia desta confirmación será entendida pola organización como de declinación por parte do solicitante e recorrerase ao listado de suplentes.

O listado definitivo de inscritos publicarase o 28 de xullo de 2017.

## GRAVACIÓN E DIFUSIÓN DE IMAXES

Os seleccionados que suscriban a súa aceptación están aceptando a gravación e difusión da súa imaxe a través de medios en soporte papel ou digital, así como das diferentes redes sociais das que a institución participe.

## ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no VII Encontro de Artistas Novos supón a aceptación total destas bases.

A institución resérvase o dereito de resolver, da forma que considere oportuna, calquera situación non prevista nas mesmas.

## MÁIS INFORMACIÓN

[encuentro@ciudadedacultura.org](mailto:encuentro@ciudadedacultura.org)

[www.cidadedacultura.gal](http://www.cidadedacultura.gal)

CO PATROCINIO DO FONDO GAIÁS  
DA EMPRESA GALEGA

//ABANCA

INDITEX

INVERAVANTE

gasNatural  
fenosa 

Fundación Barrié

SabadellGallego 

Coren 

*Campo* 

GADIS

grupo  
NOSA   
TERRA 21

Astillero  
BARRERAS  
V I G O 


Estrella Galicia 

R

MONBUS 

 FUNDACIÓN  
CIDADE  
DA CULTURA  
DE GALICIA

 XUNTA  
DE GALICIA



**#EAN7**

[www.cidadedacultura.gal](http://www.cidadedacultura.gal)

